

2015

APE GALICIA

Asociación intersectorial e
interterritorial de autónomos e
pequenas empresas de Galicia

BOLETÍN ABRIL

AXUDAS PARA AGRICULTORES E GANDEIROS
AXUDAS PARA IMPLANTACIÓN RSE
AXUDAS IGUALDADE
AXUDAS PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL ESPECIALIZADO
AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO
SUBVENCIÓNS ENERXÍAS RENOVABLES
SUBVENCIÓN FORMACIÓN E ACTIVIDADE LABORAL

[SUBVENCIONS PARA IMPLANTAR A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL (RSE) E A IGUALDADE NAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS PARA ACTUACIONES QUE SE REALICEN ENTRE O DIA 1 DE XANEIRO E O 15 DE SETEMBRO DE 2015]

Establécense as bases reguladoras para a concesión de subvencións para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e a igualdade nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

LIÑAS DE AXUDA

a) Liña I. Axudas para implantar a RSE nas empresas galegas.

b) Liña II. Axudas para o fomento da igualdade laboral.

Esta liña estrutúrase en tres programas:

1º. Programa. Axudas para a implantación de plans de igualdade.

2º. Programa. Axudas para os investimentos tendentes a garantir e mellorar o dereito á conciliación da vida familiar e laboral.

3º. Programa. Eliminación da infrarrepresentación feminina nos eidos laborais ocupados predominantemente por homes.

BENEFICIARIOS

1. As pemes que, ademais dos requisitos establecidos no artigo 4 da convocatoria, formen o seu persoal para elaborar a memoria de RSE.

2. Non poderán ser beneficiarias desta liña as empresas que recibiron unha subvención para a mesma actividade ao abeiro das ordes do 3 de xuño de 2013 e do 12 de xuño de 2014 .

CUANTÍA SUBVENCIONABLE

1. Realización dunha diagnose da realidade da empresa: ata o 100 % do gasto necesario para a realización da actividade. A contía máxima da axuda 2.000 euros.

2. Asistencia a cursos de formación: 20 euros por hora da actividade, cun máximo de 600 euros por persoa. O importe total por empresa non poderá superar os 1.800 euros.

3. Contratación de persoal: máximo de 1.000 euros/mes e unicamente mentres persista o asesoramento. Soamente se poderá subvencionar unha contratación por empresa.

Se a persoa contratada é unha muller con especiais dificultades de inserción laboral será do 100 %.

4. Contratación de empresa ou entidade externa: 50 % do importe efectivamente satisfeito pola contratación, cun máximo de 2.000 euros.

REFERENCIA LEGISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150430/AnuncioCA05-230415-0001_gl.html

**[AXUDAS A IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE ASEGURAMENTO
PARA A MELLORA INTEGRAL DA CALIDADE DA LEITE CRUDA
PRODUCIDA E RECOLLIDA NAS EXPLOTACIONS E A SÚA
CERTIFICACIÓN EXTERNA.**

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 05 DE XUÑO DE 2015]

Bases reguladoras das axudas a implantación de sistemas de aseguramento para a mellora integral da calidade da leite cruda producida e recollida nas explotacións e a súa certificación para o ano 2015.

BENEFICIARIOS

1. Podrán ser beneficiarios de estas axudas: as centrales de compra, as cooperativas e sociedades agrarias de transformación que teñan entre os seus obxectivos a comercialización ou a transformación de leite de vaca, ovella ou cabra, e as agrupacions e as asociacións de produtores de leite.

CUANTÍA SUBVENCIONABLE

a) Para o programa de implantación das guías, o 50% dos costes subvencionables.

b) Para o programa de certificación:
– O 70% dos gastos subvencionables.
– El 25% dos gastos subvencionables.

REFERENCIA LEGISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150505/AnuncioG0165-240415-0013_es.html



[SUBVENCIONS PARA EMPRESAS PRIVADAS PARA O FINANCIAMIENTO DE BOLSAS PARA O ACCESO A PERSOAL ESPECIALIZADO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 15 DE XUÑO DE 2015]

Bases reguladoras da convocatoria de subvencions para empresas privadas para o financiamento de bolsas para o acceso a personal especializado como vía de mellora da competitividade principalmente dos sectores da Hostelería, o comercio e os servizos profesionais.



BENEFICIARIOS

Todas as empresas privadas da zona de actuación de Urbana Santiago Norte, sexa cal sexa a súa forma xurídica e sector económico, que compran os seguintes requisitos:

a) Ter a sede social ou centro de traballo na zona de actuación Urbana Santiago Norte.

b) Que a data de alta deberá ser anterior á data de publicación desta convocatoria no BOP.

c) Asumir o compromiso de non extinguir contratos laborais vixentes da mesma titulación.

d) Non despedir de forma improcedente a ningún traballador da mesma titulación.

e) Diseñar un proxecto ou programa formativo de prácticas non laborais.

f) Ter subscrito o Convenio de Colaboración ca Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para o desenvolvemento de prácticas non laborais.

g) Dispoñer de persoal cualificado que se encargue de exercer as funcións de titor.

h) Dispor dos medios técnicos necesarios para que o/a bolseiro/a desempeñe as súas tarefas.

CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Para ás empresas que subscriba convenio de prácticas con persoas novas de titulación universitaria, por un importe máximo de 4.000,00 € para un período de 5 meses (800 € mes).

Para ás empresas que subscriba convenio de prácticas con persoas novas de titulación de Ciclos de F.P. ou Certificados de Profesionalidade, por un importe de 3.500,00 € para un período de 5 meses (700 € mes).

A subvención máxima por empresa será de 12.000,00 €.

REFERENCIA LEGISLATIVA

http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2015/04/27/2015_0000004490.pdf

[SUBVENCIONS OS PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURALES DE GALICIA PARA PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES.

- I. GEOTÉRMICA
- II. AEROTERMIA
- III. SOLAR TÉRMICA

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 27 DE MAIO DE 2015]

Aprobanse as bases reguladoras das subvencións os proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia a convocatoria para o ano 2015.

- I. Geotérmica
- II. Aerotermia
- III. Solar térmica

REQUISITOS

- Que non estean iniciados os proxectos na data de presentación da solicitude da axuda.
- Que se desenvolvan no territorio de Galicia, exceptuando as zonas incluídas nos perímetros urbanos..
- Que no momento da certificación final cumpran os obxectivos e funcións para que foron aprobados. En ningún caso se admitirán fases de proxectos.
- Que sexan viables tecnicamente.
- Que se axusten á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) en materia enerxética.
- Que se axusten ás especificacións indicadas nas presentes bases.
- O investimento para que a actuación sexa subvencionable deberá superar os 3.000 euros (IVE excluído).

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

1. Equipo principal de generación energética (bomba de calor o paneles solares).
 2. O coste da montaxe e conexiónado.
 3. Accesorios para o correcto funcionamento do sistema.
 4. No caso da enerxía geotérmica, o sistema de captación do recurso xeotérmico: sondeos, intercambiadores, acumuladores, tuberías, etc.
- En todos os casos, ata o valor de mercado.

CUANTÍA

Porcentaxe máxima de axuda

- Entidades locais: 75 %
- Sector público autonómico: 75 %
- Persoas físicas e institucións sen ánimo de lucro: 30 %
- Pequenas e medianas empresas, as súas agrupacións e asociación: 30 %

REFERENCIA LEGISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150427/AnuncioO3G1-200415-0001_gl.html

[SUBVENCIONES PARA LA FINANCIACIÓN DE LA FORMACIÓN Y DE LA ACTIVIDAD LABORAL DE LOS CONTRATOS PARA LA FORMACIÓN Y APRENDIZAJE.

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 30 DE SETEMBRO DE 2015]

O obxecto desta orde é concretar os principios xerais contidos na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no relativo ás axudas para o financiamento da formación que exceda do 25 % da xornada laboral e ás axudas a actividade laboral asociada aos contratos de formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

DESTINATARIOS

Persoas empregadoras e empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídas as persoas autónomas, sociedades civís e comunidades de bens.

ACCIONES SUBVENCIONABLES

A formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe, que exceda o 25 % da xornada laboral e que se realice no ano 2014 e no ano 2015.

No suposto de que as persoas traballadoras contratadas sexan persoas beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil só será subvencionable a formación que exceda o 50 % da xornada laboral.

Deberase solicitar esta axuda con posterioridade á realización dos contratos para a formación e a aprendizaxe.



CONTÍAS

Ata 1.200 €, sempre que a súa duración sexa de doce meses e a parte proporcional cando cando a súa duración sexa inferior.

REFERENCIA LEGISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150427/AnuncioCA05-210415-0001_gl.html

[SUBVENCIONS ÁS ORGANIZACIONS PROFESIONAIS AGRARIAS PARA ACTIVIDADES DE INTERÉS AGRARIO]

PLAZO DE SOLICITUDE ATA O 22 DE MAIO DE 2015]

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto establecer a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia polo sistema de rateo, da Consellería do Medio Rural e do Mar con cargo aos seus orzamentos, ás organizacións profesionais agrarias para actividades de interese agrario. A finalidade das axudas concedidas ao abeiro destas bases reguladoras é a realización de actividades de representación e de formación dos asociados das organizacións profesionais agrarias con implantación en Galicia e dos agricultores galegos en xeral.

BENEFICIARIOS

Serán beneficiarias as organizacións profesionais agrarias legalmente constituídas en Galicia que concorreron ás eleccións a cámaras agrarias que tiveron lugar o 26 de maio de 2002.

ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

- Funcións e actuacións que lles son propias conforme a normativa legal.
- Funcións ordinarias de xestión interna das organizacións profesionais agrarias.
- Representación perante as institucións.
- Participación nos órganos colexiados, comisións, mesas sectoriais que, para a defensa dos intereses dos seus representantes, foron constituídos pola Administración galega.
- Formación dos asociados e dos seus familiares.
- Impulso do asociacionismo agrario.

CUANTÍA

A consellería publicará na súa páxina web a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas.

O importe das subvencións non poderá, en ningún caso, ser de tal contía que xunto con subvencións ou axudas doutras administracións públicas supere o custo das actividades que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

Os rendementos financeiros que se xeren polo fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada.

REFERENCIA LEXISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150422/AnuncioG0165-140415-0002_gl.html



[AXUDAS ÁS ENTIDADES RECOÑECIDAS COMO AGRUPACIÓNS DE DEFENSA SANITARIA GANDEIRAS (ADSG) DE GALICIA PARA O ANO 2015-2016.

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 20 DE MAIO DE 2015]

A finalidade destas axudas é a mellora do status sanitario das explotacións gandeiras galegas mediante a execución de programas zosanitarios comúns e obrigatorios para a prevención e control de enfermidades dos animais. Os programas de planificación zosanitaria comezarán na data de presentación da solicitude de axudas e rematarán o 28 de febreiro de 2016, e deberán incluír como mínimo os Programas Sanitarios Marco obrigatorios establecidos no anexo IV.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables, os derivados da contratación de servizos técnicos veterinarios ou para a realización das actuacións sanitarias establecidas nos programas sanitarios desta orde.

Poderá subvencionarse a contratación ou remuneración de máis dun veterinario/a responsable.



CONTÍA DAS AXUDAS

a) Subvencionarase un máximo de 19.700 euros por cada persoa veterinaria con dedicación exclusiva para o desenvolvemento do programa sanitario.

b) No caso das ADSG de gando bovino, computarase un mínimo de 3.300 UGM por cada veterinario con dedicación exclusiva, e un mínimo de 1.650 UGM por cada veterinario sen dedicación exclusiva

REFERENCIA LEGISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150420/AnuncioG0165-130415-0004_gl.html

[AXUDAS DESTINADAS ÁS EXPLOTACIÓNS PORCINAS QUE XESTIONABAN OS SEUS XURROS NO CENTRO TECNOLÓXICO AMBIENTAL

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 15 DE MAIO DE 2015]

Establécense as bases reguladoras de axudas destinadas as explotacións porcinas que gestionaban os seus purines no centro tecnolóxico medioambiental ata o seu peche.

BENEFICIARIOS

Persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras, asociacións de defensa sanitaria, agrupacións de produtores, cooperativas, agrupacións de xestión de xurros, sociedades agrarias de transformación, comunidades de bens e outras entidades que en relación co transporte e aplicación dos xurros producidos na súa explotación entregasen os xurros xerados nela á planta de tratamento de secado antes do seu peche.

CONDICIÓNS PARA A SUBVENCIÓN

Transportar como máximo os metros cúbicos que o gandeiro tiña contratado coa planta de secado de xurros.

A distancia mínima entre a explotación gandeira e a parcela onde se apliquen os xurros de 20 km

CONTÍA DAS AXUDAS

Para o transporte:

- 0,088 euros/t e km por distancias superiores a 20 km.



REFERENCIA LEGISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150415/AnuncioG0165-080415-0001_gl.html

[CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS DO FOMENTO DE EMPLEO, PARA O AÑO 2015 EN ARTEIXO. PROGRAMA I. AXUDAS MUNICIPAIS PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS DO CONCELLO DE ARTEIXO

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 15 DE SETEMBRO DE 2015]

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras das axudas e subvencións da Concellaría de Promoción Económica do Concello de Arteixo, coa finalidade de incentivar á actividade económica e á xeración de emprego dentro do Concello de Arteixo, a través dos seguintes programas:

- Programa I - Axudas Municipais para á Creación de Empresas.
- Programa II - Axudas Municipais á Contratación.

BENEFICIARIO

Programa I - Axudas Municipais para á Creación de Empresas.

Programa II - Axudas Municipais á Contratación

CONTÍA DAS AXUDAS

Subvención da cota correspondente ao réxime especial de traballadores autónomos, calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social, ou mutualidade de colexio profesional.

A contía virá determinada polo importe correspondente ao 100 por 100 da cota efectivamente aboada polo beneficiario durante os doce meses posteriores á alta no RETA, sempre que non supere o importe máximo de tres mil euros (3.000,00.-€).

REFERENCIA LEGISLATIVA

http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2015/04/10/2015_0000003851.pdf

